

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 10-09-2020, ditou a resolución con número 2165/2020 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

#### **CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN FASES FINAIS DE ASCENSO A COMPETICÍONS NACIONAIS E CAMPIONATOS DE ESPAÑA DURANTE O ANO 2020.**

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2020 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2020", e as " Bases específicas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2020"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 87, de 15 de xuño de 2020.

Posteriormente publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 96, de 29 de xuño de 2020, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, rematando o prazo de presentación de solicitudes rematou o 19 de xullo de 2020.

A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2094/2020 do 4 de setembro, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 9 de setembro de 2020, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de acordo provisional.

Consta non expediente o informe do Servizo de Fomento e Programas Deportivos.

Visto o cal,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2020 ás entidades que se relaciona no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 1.060,54 €.

**Segundo.-** Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

**Terceiro.-** Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo, sito na Casa do Concello, na Praza do Concello, s/n. e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php>. Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

**Anexo 1.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2020. Concesión Provisional.**

<b>Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2020</b>							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe subvención	Coef. Fin.	Orzamento Subvencionado a Xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	Campionatos de España de Triatlón	Fases e Cptos. España	<b>20,36</b>	<b>250,00 €</b>	0,70	357,14 €
2	Agrupación Deportiva Fogar	Campionatos de España de Natación 2020	Fases e Cptos. España	<b>21,54</b>	<b>310,54 €</b>	0,70	443,63 €
3	Escola Lubiáns de Hockei e Patinaxe	Liga Ok Bronce	Fases e Cptos. España	<b>90,00</b>	<b>500,00 €</b>	0,1057	4.730,00 €
				<b>Total</b>	<b>1.060,54 €</b>		

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde  
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario  
José Villán Fuertes

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.  
Secretario  
José Villán Fuertes